



Avisos

*O pasado 31 de agosto na Casa a Cultura celebrouse unha reunión para informar aos veciños sobre os traballos que vai a realizar o Concello en relación coa modificación dos solos rústicos establecidos no Plan de Ordenación (PXOM). Tal como se indicou na reunión estableceuse un prazo de 2 meses para que os veciños presenten as súas suxestións ou aportacións en relación coas súas fincas, a única información que é necesario traer é o titular da parcela así como a referencia catastral ou Polígono+parcela de concentración parcelaria.

O técnico de urbanismo está no Concello os Luns e Mércores en horario de 10 a 14 e máis a documentación pódese presentar calquera dos días en que a Casa do Concello estea aberta, pois o resto persoal colaborará na redacción e elaboración das mesmas.

Festival de la Luz

* Na fin de semana do 7 ao 9 de setembro volvemos a ter en Boimorto unha nova edición do noso festival, o Festival de la Luz, unha oportunidade única de vermos en Boimorto unha gran cantidade de artistas tanto musicais como teatrais ou monologistas. Reúnense en Andabao máis de 12.000 persoas entre Staff e público, un barullo de xente que en Boimorto recibimos cos brazos abertos.

Agradecemos dende o Concello, a grande implicación dos veciños no desenvolvemento desta actividade e sobre todo, a paciencia demostrada e boa disposición nestes días de tanto traballo. Nesta edición sentímonos especialmente orgullosos das nosas veciñas que participan nas actividades de teatro, as compoñentes do "Grupo Trécolas" que representarán a peza "As sospeitas do Aniceto" dentro das actividades do Festival (Domingo 9 as 18:40).

Servizos Sociais

*O Punto de Atención á Infancia (Gardería) iniciou o curso 2018 - 19 o pasado 4 de setembro, en horario de 8:30h. a 16:30h. este ano xa comeza o curso coas 20 prazas ocupadas.

* Recordamos que inda está aberto o prazo para solicitar as axudas municipais á natalidade e por situacións de emerxencia social.

* O Servizo de Atención ás dificultades de memoria tamén volve arrincar neste mes de setembro, avanzamos a unha segunda fase de execución do proxecto que nos levara a novas técnicas e actividades rehabilitadoras, así como incluír máis xente no proxecto. Mais info nos servizos sociais do Concello.

Centro de Maiores

* O Centro Social Municipal de Maiores volverá a abrir as súas portas o 10 de setembro de 2018 co horario de costume e volverá funcionar o servizo de transporte a partir do 11 de setembro. Este ano teremos novas actividades, máis info en próximos boletíns.

Cultura e Deportes

Durante o mes de setembro retomamos estas actividades no Polideportivo Municipal:

* **GAP:** Actividade físico-deportiva con exercicios específicos para traballo de Glúteos, Abdominais e Pernas. Comezase sempre cun quencemento xeral e rematarase a clase con estiramientos musculares. A partir de 13 anos. Horario: martes de 21:00 a 21:45.

* **Pilates:** Sistema de adestramento físico e mental baseado en exercicios posturais e correctivos, no que o centro do corpo sitúase no abdome, de aí que estea moi indicado para os que padecen de problemas de costas. A partir de 13 anos. Horario: xoves de 21:00 a 21:45.